

2018

# VI Concurso de Pintura Ernesto Goday



O Concello do Grove (Pontevedra), a través da Concellería de Cultura, convoca este concurso en memoria do insigne pintor local don Ernesto Goday Caamaño, que se rexerá polas seguintes bases:

**PRIMEIRA.** Poderá participar calquera persoa física maior de idade que presente unha obra súa, orixinal e inédita. Cada autora ou autor só poderá presentar unha obra.

**SEGUNDA.** As obras participantes deberán ter unhas dimensións mínimas de 60 x 50 cm e máximas de 150 x 150 cm.

**TERCEIRA.** A técnica é libre, pero sempre na modalidade de pintura figurativa. Nesta sexta edición, o tema abarcará todo o relacionado coa paisaxe natural e urbana do Grove e as súas xentes.

**CUARTA.** O prazo de inscrición estará aberto desde a publicación das presentes bases na web municipal ([www.concellodogrove.es](http://www.concellodogrove.es)) ata o domingo 30 de setembro, incluído.

**QUINTA.** O proceso de selección constará de dúas fases: unha de preselección e outra de selección propiamente dita.

Para a preselección, as ou os artistas participantes neste concurso deberán entregar unha fotografía da obra en formato dixital (CD, DVD, correo electrónico...). As imaxes deberán ter unha calidade suficiente que permita a súa correcta visualización por parte dos membros do xurado. O envío por correo electrónico non deberá superar os 3 Mb de peso.

A fotografía deberá ir acompañada da folia de inscrición, que pode baixarse da Web municipal ([www.concellodogrove.es](http://www.concellodogrove.es)).

As fotos en soporte electrónico poderanse enviar ao enderezo de correo electrónico [casadacultura@concellodogrove.es](mailto:casadacultura@concellodogrove.es) ou ao enderezo postal:

*Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey  
Monte da Vila, 11  
36980 O Grove  
Pontevedra*

Para a fase de selección, despois de que a organización contacte coa autora ou autor seleccionado, deberán enviarse as obras en soporte físico ao anterior enderezo postal. No exterior do paquete deberá figurar o lema:

“VI Concurso de Pintura Ernesto Goday”.

**SEXTA.** No mes de outubro de 2018 reunirse un xurado independente, composto por profesionais do mundo da arte, para a preselección das obras segundo as imaxes recibidas. As obras preseleccionadas pasarán a formar parte dunha exposición e do *Catálogo 2018*, que se editará co gallo do concurso.

A organización porase en contacto coas persoas preseleccionadas para organizar o envío dos cadros, que deberán estar enmarcados ou cun simple listón.

**SÉTIMA.** A finais do ano 2018 decidirse a obra gañadora e comunicarse o nome da persoa premiada. Tamén se lle entregará o premio, coincidindo coa inauguración da exposición. A organización publicará e comunicarlles con suficiente antelación as datas ás persoas interesadas.

**OITAVA.** O premio para a gañadora ou gañador do concurso é de 3.000 euros. A contía está suxeita á correspondente retención fiscal.

As autoras ou autores que teñan a súa obra seleccionada para o *Catálogo 2018* serán obsequiados cun exemplar deste.

O xurado, se así o considera, poderá outorgar algún accésit.

A raíz da colaboración establecida coa Asociación Española de Pintores e Escultores (AEPE) o premiado ou premiada tamén recibirá un diploma e a medalla desta institución

**NOVENA.** A obra gañadora pasará a ser propiedade do Concello do Grove, así como os seus dereitos de reprodución e explotación. As autoras ou autores das obras que fosen preseleccionadas para a edición do *Catálogo 2018* ceden os dereitos de uso e reprodución fotográfica e comprométese a prestar, se así se lles solicita, a súa obra para a exposición citada na base sexta.

**DÉCIMA.** A organización porá o máximo celo no coidado e tratamento das obras, pero non se responsabiliza da deterioración, roubo ou perda que poidan sufrir por causas alleas a ela ou de forza maior. Os seguros que se quixesen facer efectuaranse por conta de cada participante.

**UNDÉCIMA.** A organización resérvase o dereito de modificar estas bases en beneficio do bo funcionamento deste concurso.

**DUODÉCIMA.** A participación neste concurso implica a total aceptación das presentes bases e a decisión do xurado, que será inapelable.

**CONCELLO DO GROVE  
XANEIRO DE 2018**